

Viaxe ás Covas do Folón

Unha viaxe no tempo por Vigo



As concellarías de Normalización Lingüística e Xuventude do Concello de Vigo están a desenvolver un VIDEOXOGO sobre a túa cidade. Xogando esta aventura poderás coñecer moitos feitos importantes da historia de Vigo, do noso patrimonio e da nosa lingua.

PARTICIPA NA CREACIÓN DOS PERSONAXES DO VIDEOXOGO!

Para poder xogar esta aventura necesitamos personaxes e ti podes colaborar na súa creación participando no concurso de debuxo dos protagonistas do videoxogo.

Quen pode participar?

Podes participar se es estudante de 2º ou 3º Ciclo de Primaria dalgún centro de ensino de Vigo. Cada estudante participará na categoría do seu ciclo de estudos e poderá optar aos premios de mellor personaxe RAPAZA e mellor personaxe RAPAZ.

Como podo participar?

Deseña o teu personaxe na lámina

O anverso desta lámina presenta un esquema do personaxe (de fronte, de perfil cos brazos por separado e de costas). Deberás deseñar e pintar, coa técnica que prefiras, sen te saír das liñas do bordo. Poderás entregar un máximo de 2 láminas, e poderás presentarte na categoría de personaxe RAPAZA, RAPAZ ou nas dúas.

Onde podo conseguir a lámina de participación?

A lámina para participar podes conseguila a partir do martes 18 de xaneiro de 2011 nos seguín-

tes puntos de Vigo: no teu colexio, na Casa do Concello (Servizo de Normalización Lingüística), na Casa da Xuventude, nos "Punto Xove", Centros Cívicos, ludotecas e Biblioteca Central. Se prefires podes descargala na web do videoxogo, www.viaxescovasdofolon.com, e imprimila na túa casa.

Como podo inscribirme no concurso?

Terás que pedirlle aos teus titores legais (a túa nai, o teu pai, ou persoa ao teu cargo) que te registren como participante no concurso a través do sitio web:

www.viaxescovasdofolon.com.

Lembra que tes computadores ao teu servizo na Casa da Xuventude e nos "Punto Xove" para que te poidan inscribir.

Onde teño que entregar a miña lámina?


Deberás entregar a lámina no teu colexio, na Casa do Concello (Servizo de Normalización Lingüística), na Casa da Xuventude, nos "Punto Xove", Centros Cívicos, ludotecas e Biblioteca Central.

Cando podo entregar a lámina?

A **data límite** de entrega de láminas é o **20 de febreiro** de 2011.

Serán anuladas as láminas que cumpran algunha destas características:

- Vaian enmarcadas ou con algunha montaxe especial.
- Presenten ilustracións ou cores fóra das liñas.



- Vaian asinadas ou leven elementos que revelen a identidade das/os concursantes.
- Presenten algún dato ademais do código de participación que puidese identificar á/ao concursante.
- Non leven código ou leven un código erróneo ou repetido.
- Sexan entregadas fóra de prazo.

Cando saberei quen gañou?

O resultado do concurso farase público o venres 11 de marzo do 2011.

Os debuxos gañadores serán publicados na web www.viaxescovasdofolon.com e a organización porase en contacto co/a titor/a legal rexistrada no web para notificarlle o premio.

Que premios podo gañar?

Farase entrega dun total de catro premios para os/as gañadores/as e catro accésit para os/as finalistas en mellor personaxe RAPAZA e mellor personaxe RAPAZ de cada ciclo.

Os catro debuxos gañadores serán adaptados posteriormente, para a creación dos personaxes en 3D que estarán dispoñibles para participar no videoxogo.

Cada un dos/as catro gañadores/as recibirá unha Nintendo Wii ou o mesmo valor en xogos/accesorios para a Wii.

Ademais, tanto os/as gañadores/as como os/as finalistas gozarán dunha visita á empresa Continental Games ou Alia 3D onde poderán ver cómo se fai un videoxogo.

Cando será a entrega de premios?

A entrega de premios será o sábado 26 de marzo de 2011 ás 12.00 horas na lonxa da Casa do Concello de Vigo.

Onde están as bases completas do concurso?

Podes consultar as bases completas para participar no concurso en www.viaxescovasdofolon.com.